

OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra, dentro da súa programación cultural e educativa, conta con unha oferta de actividades dirixidas a centros escolares de Primaria e Secundaria, asociacións e entidades. Nesta oferta inclúense diversos roteiros e visitas guiadas pola cidade, publicacións didácticas, asistencia a espectáculos teatrais e musicais, visitas a exposicións, actividades de animación á lectura, etc.

Polo que se refire á historia de Galiza e ao patrimonio cultural e natural do noso Concello, ofrecemos unha serie de actividades que poden ser solicitadas por grupos, asociacións e entidades interesados.

HISTORIA DE PONTEVEDRA E DE GALIZA. PUBLICACIÓNS E EXPOSICIÓNS.

Publicación “O Centro Histórico e as Murallas”.

Unidade didáctica sobre a historia da cidade, da que se pode enviar algún exemplar de mostra. Os centros interesados en traballar sobre esta materia poden solicitar o número de exemplares que consideren necesarios para desenvolver o traballo nas aulas. Estes centros tamén teñen á súa disposición a exposición sobre as murallas e unha visita guiada ao Centro Histórico.

Exposición “As murallas de Pontevedra”.

Trátase dunha mostra de carácter itinerante da que se proporciona información no prospecto adxunto.

Exposición sobre “Santa María a Maior”.

Mostra de carácter didáctico e divulgativo sobre un dos monumentos de maior valía do patrimonio histórico-artístico da cidade. Acompáñase cun libro guía que explica o proceso construtivo e as características artísticas do templo promovido e financiado polos mareantes de Pontevedra no século XVI.

Esta mostra poderá ser solicitada en empréstimo por centros escolares, entidades e asociacións.

Publicación sobre o Centro Histórico de Pontevedra.

Libro de carácter divulgativo do que se achegan algúns exemplares de mostra.

Exposicións sobre Castelao, que poden ser solicitadas en empréstimo:

“*Castelao para nenos e nenas*” (Para o alumnado de Primaria)

“*Castelao e Nós. Unha viaxe pola súa obra*” (Para alumnado de Secundaria)

“*As imaxes de Castelao. Fotobiografía*”. (Público en xeral)

Outras mostras sobre personalidades da cultura galega.

Dispomos tamén de exposicións sobre **Manuel Murguía**, **Luis Amado Carballo e Martín Sarmiento** que poden ser cedidas en empréstimo a centros escolares, entidades e asociacións.

Para o ano 2003, o Concello promoverá senllas exposición sobre **Alexandre Bóveda e Avilés de Taramancos**, das que enviaremos información a finais do presente ano.

ROTEIROS E VISITAS GUIADAS.

- Roteiro Castelao.

Unha visita guiada pola Pontevedra de Castelao no que pode participar tanto o alumnado de Primaria (3º ciclo) como o de Secundaria e Bacharelato. Tamén é posíbel

organizar visitas para grupos de adultos (asociacións veciñais, culturais, deportivas, de mulleres, etc.).

-*Centro Histórico* (3º ciclo de primaria e secundaria). Tamén grupos de adultos.

-*As murallas de Pontevedra* (secundaria).

Actividade complementaria do traballo nas aulas coa unidade didáctica e/ou coa exposición sobre as murallas.

-*Roteiro Sarmiento*.

Escolares e grupos de adultos.

(Os centros interesados poden solicitar máis información sobre estas actividades dirixíndose por correo electrónico ou por fax ao Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, situado Chalé Fontoira, Praza do Campo do Boi, s/n-Pontevedra.

Correo electrónico: [normalizacionlinguistica @concellopontevedra.es](mailto:normalizacionlinguistica@concellopontevedra.es)

Fax: 986 851 800; teléfono 986 863 157)